



GUÍA DIDÁCTICA

CURSO UNED - SENIOR (BRIÓN)

SABERES LABREGOS E AGROECOLOXÍA

1º cuatrimestre CURSO 2026-2027

DOCENTE: M^a DO CARME FREIRE CRUCES

PRESENTACIÓN DO CURSO:

Ao longo da historia da humanidade as persoas fomos perfeccionando as técnicas de cultivo e o aproveitamento dos recursos para obter alimentos de xeito sostido no tempo e no territorio.

Desde mediados do século XX, esa experiencia acumulada foi practicamente substituída por outras técnicas que significaban unha grande cantidade de produción de alimentos, concentrada en explotacións de tipo industrial e dependente do petróleo e das multinacionais a nivel mundial.

Máis, en moi pouco tempo, ditas técnicas evidenciaron ser pouco sostíbeis, xa que se produciron mermas importantes de recursos básicos como a auga, a fertilidade dos solos, as sementes.... ademais de non solucionarse a fame no mundo.

A finais do mesmo século XX xurdiron movementos e voces en todo o mundo que, ademais de denunciar a insostibilidade e as consecuencias para o futuro do planeta e da humanidade desas prácticas, puxeron en valor OS SABERES LABREGOS como coñecemento universal e científico de técnicas para recuperar a alimentación como un dereito das persoas que ademais non pode acabar co resto do planeta: xurdeu o que coñecemos como AGROECOLOXÍA, na súa dimensión non só de coñecementos de técnicas de agricultura ecolóxica, senón tamén na dimensión máis humana, máis da economía das persoas, da sostibilidade ambiental e social...

Na nosa terra, Galiza, o coñecemento, a valoración e a recuperación de SABERES LABREGOS faísenos imprescindible para poder tamén recuperar a sostibilidade social, económica, ambiental, cultural...do noso territorio.

Hai moitas persoas empeñadas nesta tarefa e na UNED-SENIOR tratamos tamén de contribuir, recollendo dito coñecemento, para compartilo, nunha publicación de autoría colectiva froito dos encontros dos cursos SABERES LABREGOS E AGROECOLOXÍA da UNED SENIOR

OBXETIVOS:

1. *Recopilación e elaboración de material escrito e audiovisual para o inicio dunha publicación colectiva da UNED-SENIOR "SABERES LABREGOS E AGROECOLOXÍA".*
2. *Inicio dun proxecto de investigación popular e colectivo da UNED SENIOR "RELACIÓN TOPONIMIA - MAPA DE APTITUDES PARA CULTIVOS".*
3. *Inicio dun "DICCIONARIO COMARCAL LABREGO"*

HORARIO e LOCAIS:

- *Martes de 16.00 a 18.00 de xaneiro a maio*
- *Local de Montebalado - BRIÓN*

REQUISITOS PREVIOS:

- ✓ *Persoas maiores de 50 anos (certificado do curso será expedido pola UNED-SENIOR)*
- ✓ *Ter ganas de compartir saberes e de participar nos obxetivos do curso.*

METODOLOXÍA:

Xunguido tres aspectos para:

- a. Procurar que afloren os saberes e as experiencias individuais que todas as persoas temos acumuladas.*
- b. Compartir ese coñecemento individual e poñe-lo a disposición colectiva.*
- c. Valorar e decatarnos de que así foi como até os días de hoxe se foron transmitindo saberes científicos e populares, rescatando a idea de universalidade da Universidade.*

¿Cómo?:

- 1. SESIÓNS EN AULA, nas que vaíamos desbrozando os aspectos e obxetivos do programa que requiren espazos cubertos.*
- 2. SESIÓNS NAS HORTAS no 2º cuatrimestre, nas que vaíamos podendo levar á práctica os contidos teóricos do 1º cuatrimestre.*
- 3. VISITAS A HORTAS E PROXECTOS VITAIS, nas que vaíamos compartindo con outras persoas dúbidas, respostas posíbeis e experiencias.*
- 4. CHARLAS/MESAS REDONDAS CON PERSOAS, que nos amplíen as nosas dúbidas ou nos abran camiños de saber.*
- 5. GRABACIÓN /RECOLLIDA de todo o que facemos, para poder ir elaborando as publicacións colectivas obxectivo do curso.*
- 6. INVESTIGACIÓN E COLABORACIÓN, con outras persoas, entidades e organismos que teñan feito traballos no mesmo senso do curso.*

CONTIDOS A DESENVOLVER:

1. *Observación práctica da terra das nosas hortas,; dun perfil, do enclave, da orientación, da vexetación, das rochas, do solo, da humedade, da insolación...*
2. *Ferramentas/maquinaria para traballar a terra e laboreo continuado. Abancalamiento.*
3. *Aportación de diferentes tipos de materia orgánica. Encalado.*
4. *Planificación para ter un pouco de todo e moito de nada na nosa horta. Asociación, rotación e protección dos cultivos.*
5. *Sementeiras, plantacións e colleitas das diferentes hortalizas de flor, folla, raíz e froito, compartindo/recuperando variedades locais.*
6. *Prácticas culturais: acolchados, elaboración de preparados para protexer e reforzar as prantas, entutorados, podas, cultivo de aromáticas e medicinais ...*
7. *Colleita e envasado, etiquetados*
8. *Podas de froiteiras.*
9. *Enxertos nas froiteiras.*

BIBLIOGRAFÍA:

- AUBERT, Claude. *EL HUERTO BIOLÓGICO*. Ed. Integral. Barcelona. 1997.
- BUENO, Mariano. *EL HUERTO FAMILIAR ECOLÓGICO*. Ed. Integral. Barcelona. 2006.
- BUENO, Mariano e outro. *AGENDA DEL HUERTO Y EL JARDIN ECOLÓGICOS*. Ed. Integral. Barcelona. 2004
- CORDEIRO, Xesús e outros. *A NOSA HORTA*. Ed. Xerais. Vigo. 1998
- GROS, Michel. *LUNARIO 2015*. Ed. Artús Porta Manresa. Tarragona. 2014
- LEFRANCOIS, Sandra e outras. *PLANTAS COMPAÑERAS EN EL HUERTO ECOLÓGICO*. Ed. La Fertilidad de la Tierra.
- NUÑEZ RAJOY, A. (Coordinador). *APUNTES DE HORTICULTURA*. Ed. Consellería de Agricultura. SEA. Santiago. 1996
- POULIQUEN, Xan. *HORTA ECOLÓXICA NA GALIZA*. Bahía Edicións. A Coruña. 2005
- ROSELLÓ, J. i outra. *CÓMO OBTENER TUS PROPIAS SEMILLAS*. Ed. La Fertilidad de la Tierra. Tafalla. 2002.
- SEYMOUR, John. *LA VIDA EN EL CAMPO Y EL HORTICULTOR AUTOSUFICIENTE*. Ed. Blume. Montmeló. 1996
- STRAWBRIDGE, Dick e James. *LA GUIA COMPLETA PARA UNA VIDA AUTOSUFICIENTE. TÉCNICAS TRADICIONALES Y ÚLTIMOS AVANCES*. Ed. Blume. Barcelona. 2013